



CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO



PROPOSTA DA XERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

ASUNTO: CONTRATACION POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAUDE, XEOTÉCNICO, E DE TELECOMUNICACIÓN VISADO, NECESARIOS PARA A REHABILITACIÓN DOS INMOBLES FERRERIA 33-35.

Reunida, o día 08 de marzo de 2010, a mesa de contratación constituída no procedemento indicado no encabezamento, para proceder a revisión e exame da documentación presentada en tempo e forma polos interesados no concurso, se acordou requirir a aqueles licitadores que presentaron a documentación incompleta ou defectuosa. Corrixida e/ ou completada, en cada caso, a documentación presentada tralos requirimentos efectuados, despréndese a conveniencia de proceder, sen mais trámites, a adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade, tal como se indica na cláusula 10,5 do prego de cláusulas administrativas particulares .

En consecuencia, a Xerencia do Consorcio propón á Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo, órgano de contratación no procedemento negociado sen publicidade en trámite, a adopción da seguinte,

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Declarar a admisión dos licitadores seguintes: Cendón- Vázquez arquitectos S.C.P., Javier Franco y Vicente Pintos, arquitectos S.L.P., e J.A.S.C arquitectos S.L.P.

SEGUNDO: Aprobar a adxudicación provisional da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redacción do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicacións visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitios en Ferrería 33-35 a J.A.S.C ARQUITECTOS S.L.P.: con CIF: 36933208 e domicilio na rúa Uruguai, 11-1º dereita, .36.201-Vigo, nas condicións indicadas na súa proposta e por importe de **29.580 euros, IVE incluído (vinte e nove mil cincocentos oitenta euros, IVE incluído)** por considerar que é a oferta é mais vantaxosa para os intereses do Consorcio Casco vello de Vigo.

O adxudicatario provisional, no prazo de **15 días hábiles** contados dende o día seguinte o da notificación da adxudicación provisional, deberá aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe o presente procedemento.

TERCEIRO: Ordenar a práctica de notificación da presente resolución a todos os licitadores, así como os trámites previstos no prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a continuación do expediente conducente a adopción da resolución definitiva que proceda. Que se faga pública a resolución de adxudicación provisional no perfil do contratante do Consorcio Casco Vello de Vigo, de acordo coa lexislación aplicable.

En Vigo, a 15 de marzo de 2010

O Xerente do Consorcio

Alfonso Ramos Covelo

DECRETO:

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 12.e dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, examinada a proposta formulada pola Xerencia, RESOLVE favorablemente á mesma.

O manda e asina o Sr. Presidente , en Vigo a 18 de marzo de 2010, ante min, secretaria que certifico.

A Secretaria

Marta Riobó Ibáñez

A Presidenta

Lucía Molares Pérez.